



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Convocatoria do día 22 de outubro de 2024, o próximo **19 de novembro**, en horario de **12:00 a 14:00 horas** e de **16:00 a 18:00 horas** celebrarase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais/nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do colexio. Para participar na referida votación, procederase da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no centro que figure no censo que, ao efecto, aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos/as, por orde alfabético de apelidos, e cada elector/a deberá marcar cunha cruz un máximo de **tres nomes** das candidatas ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste colexio anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo 19 de novembro, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Outeiro de Veá, 14 de novembro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO,

Asdo. Concepción Castiñeiras Suárez

